



Wenceslao Fernández Flórez, s/n  
Tels. 981 613 196  
981 613 128  
Fax 981 613 169  
E-mail: adl@cambre.org  
15660 CAMBRE  
A Coruña (España)



## PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN INTERIOR INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – INEGA ENTIDADES COLABORADORAS

### ◆ Normativa

Resolución do 15 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan Renove de Equipos de Iluminación Interior, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan as devanditas axudas como anticipadas de gasto (DOG nº 246 de 27 de decembro de 2011).

### ◆ Entidades beneficiarias

- Poderán ser entidades colaboradoras as entidades privadas con personalidade xurídica, validamente constituídas, así como os empresarios individuais sempre que, en ambos os casos, teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia e que acrediten as condicións de solvencia técnica e económica que se establecen na orde. Será preciso que estas entidades sexas empresas instaladoras de instalacións térmicas en edificios.
- As entidades colaboradoras actuarán de enlace entre os solicitantes das axudas e o Inega. Serán encargadas da venda, promoción, substitución e da instalación dos equipamentos indicados.
- Realizarán as seguintes funcións:
  - o Comprobación inicial dos requisitos dos solicitantes das axudas.
  - o Realización ante o Inega dos trámites para solicitar a axuda.
  - o Desenvolvemento das accións vinculadas ao plan.
  - o Xustificación da axuda e a súa certificación ante o Inega.

### ◆ Datas límite

- Para as solicitudes da adhesión como entidade colaboradora:
  - o 9 de xaneiro de 2012.

### ◆ Tipos de axudas

- O obxectivo deste plan é mellorar a eficiencia enerxética das edificacións, a través da renovación de instalacións existentes de equipos de iluminación interior por outras máis eficientes, reducindo así o consumo de enerxía.
- As actuacións subvencionables deben cumprir cos seguintes requisitos técnicos:
  - o Levar asociada unha redución anual de ao menos un 30% do consumo de enerxía convencional en iluminación interior, garantindo un confort lumínico adecuado á tarefa que se vaia realizar.



Wenceslao Fernández Flórez, s/n  
Tels. 981 613 196  
981 613 128  
Fax 981 613 169  
E-mail: [adl@cambre.org](mailto:adl@cambre.org)  
15660 CAMBRE  
A Coruña (España)



- Se a instalación está incluída no ámbito de aplicación do documento HE-3, Eficiencia enerxética das instalacións de iluminación, do Código técnico da edificación, a nova instalación debe cumprir coas exixencias establecidas nel.
- Serán subvencionables sempre que cumpran os requisitos técnicos establecidos na orde a substitución de lámpadas, de balastos convencionais, de luminarias xa existentes, de detectores de presenza, etc.
- O investimento mínimo para que a actuación sexa elixible deberá ser de 500 euros. Os conceptos de albanería non son subvencionables.
- A contía da subvención será o 25% do custo elixible da nova instalación de iluminación, cun máximo de 1.500 euros para vivenda unifamiliar / piso, 10.000 euros por edificio de vivendas en bloque e 25.000 euros por edificio do sector terciario, destinado a outros usos diferentes de vivenda.

#### ◆ Formularios

Os formularios de solicitude están dispoñibles no enderezo electrónico <http://www.inega.es>. Cómpre cubrilos e validados antes de presentar as solicitudes por escrito.